

**D<sup>a</sup>. ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **13 de agosto de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

**9.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS DE VIGO. EXPTE. 936/341.**

Visto o informe de fiscalización do 13.08.15, dáse conta do informe-proposta de data 07.08.15, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A mesa de Contratación celebrada o día 07 de agosto de 2015 ás 09:30 horas acordou:*

*2.-Proposta de Adxudicación.*

- a) *Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención ao público en dependencias da rede de museos Municipais (expediente 936-341).*

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de atención ao público en dependencias da rede de museos Municipais (expediente 936-341).*

**ANTECEDENTES**

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 27 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo:*

**8.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 936/341.**

*“Primeiro.- Excluír da presente licitación as mercantís ALIANZAS E SUBCONTRATAS, S.A., UTE V-2 COMPLEMENTOS AUXILIARES, S.A.- CEE V-2 COMPLEMENTOS AUXILIARES, S.A, e SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo de atención ao público en dependencias da rede de museos Municipais” no seguinte orde decrecente:*

|                                       |       |
|---------------------------------------|-------|
| 1. SERVICIOS SECURITAS S.A.           | 92,27 |
| 2. BRÓCOLI S.L.                       | 86,75 |
| 3. STENDHAL MUSEUM SOLUTION SL        | 79,39 |
| 4. COYMA SERVICIOS GENERALES SL       | 75,13 |
| 5. INSTITUTO DE GESTIÓN SANITARIA SAU | 71,57 |
| 6. CLECE S.A.                         | 52,13 |
| 7. SERVICIOS GENERALES S.L.           | 41,74 |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 604,70 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

*Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 27 de xullo de 2015, que presenta a documentación requirida en data 7 de agosto de 2015, dentro do prazo sinalado.*

*Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 7 de agosto de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.*

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVICIOS SECURITAS, S.A., á vista dos informes dos informes da xefe do servizo de Museos, do xefe do servizo de Xestión e Promoción cultural e dos directores dos museos*

*municipais, de datas 30 de abril, 26 de maio, 8 de xuño e 8 de xullo de 2015. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Adxudicar á SERVICIOS SECURITAS, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos Municipais (expediente 936-341) cunha redución porcentual dos prezos unitarios de horas de prestación do servizo de atención ó público, previstas no apartado 3.F da FEC así como do prezo do servizo de coordinación e organización do servizo previsto no apartado 3.A da FEC do 35. (%).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trece de agosto do ano dous mil quince.

me

V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.